

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL RIBEIRA

Anuncio Bases específicas complementarias das bases reguladoras xerais de subvencións para entidades sen ánimo de lucro

ANUNCIO

De acordo co disposto no artigo 9.3 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, procédese á publicación das bases reguladoras específicas da convocatoria de achegas dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, liña de acción social, correspondentes ao exercicio 2017, aprobadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 26.10.17.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. LIÑA ACCION SOCIAL BASES ESPECÍFICAS COMPLEMENTARIAS DAS BASES REGULADORAS XERAIS. EXERCICIO 2017.

1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2017, destinadas a fomentar, apoiar e impulsar as actividades desenvolvidas por entidades sen ánimo de lucro existentes no Concello de Riveira, no ámbito da acción social, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia competitiva e publicidade.

1.1.- Obxectivos

O Concello de Riveira, a través da presente convocatoria, propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

- a) Promover a iniciativa social sen ánimo de lucro.
- b) Corrixir lagoas ou déficits na cobertura e prestación de servizos sociais.
- c) A existencia dunha programación de actividades orientadas a grupos particularmente vulnerables, como é o colectivo de maiores, estable dentro do ámbito territorial do Concello de Riveira, programada e desenvolta polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.

2. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Destinatarios

Asociacións de maiores radicadas no termo municipal de Riveira.

3. FINALIDADE (gastos subvencionables).

Poderán ser subvencionadas -ata un máximo do 50 % do gasto acreditado- a organización de:

- proxectos, actividades ou servizos para a dinamización, a participación social e a mellora da calidade de vida das persoas maiores e persoas con diversidade funcional.
- accións de promoción de estilos de vida saudables.
- accións ou programas tales como cursos, viaxes culturais, obradoiros, celebración e conmemoración de festas tradicionais, e outras similares.

4.- ORZAMENTO DA CONVOCATORIA.

No vixente orzamento municipal existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto derivado desta convocatoria, con cargo ás seguintes aplicacións, e polo importe que se indica:

Aplicación orzamentaria	Liña de subvención	Crédito
231A 48007	Asociacións de maiores	5.000 €

5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

En canto ao lugar e prazo de presentación, así como a documentación a aportar, remítese ao establecido nas bases xerais.

6.- INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

A instrución do procedementos corresponderá á Concellaría de Servizos Sociais. No seo da mesma constituirase unha comisión avaliadora, composta polos seguintes membros:

- Presidente: O/a Concelleiro/a Delegado/a da área de Servizos Sociais, ou persoa en quen delegue.
- Vocais: Dous traballadores/as do departamento de Servizos Sociais, designados polo/a Concelleiro/a Delegado/a.

Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, un empregado/a público do Concello.

Aos efectos indicados neste apartado, e antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, pola alcaldía designarase:

- Ao traballador municipal que deba asumir a responsabilidade da tramitación de cada expediente.
- Á persoa que deba asumir a secretaría de cada Comisión Avaliadora.

Proposta de resolución

A Comisión Avaliadora procederá ao exame das solicitudes presentadas, formulando proposta de concesión de achega despois da consideración das actividades a realizar, e en función dos criterios establecidos en cada liña de actuación.

- Interese da actividade e adecuación ao interese local: ata 25 puntos
- Número de socios activos da asociación: ata 25 puntos.
- Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 25 puntos
- Orzamento da actividade: ata 20 puntos
- Emprego da lingua galega: ata 5 puntos.

En relación aos criterios de número de socios, coeficiente de financiamento e orzamento declarado, os puntos serán asignados de acordo cos seguintes criterios:

Nº de socios activos	Puntos	Coeficiente de financiación	Puntos	Orzamento declarado	Puntos
0-20	0	0-10	25	Máis de 4.000 €	20
21-50	2.5	11-20	20	Entre 2.500 e 4.000 €	15
51-80	5	21-30	15	Entre 1.500 e 2.499 €	10
81-110	7.5	31-40	10	Entre 600 e 1.499 €	5
111-140	10	41-50	5	Menos de 600 €	0
141-180	12.5				
181-220	15				
221-260	17.5				
261-300	20				
301-350	22.5				
Máis de 350	25				

Riveira, 6 de novembro de 2017.

O Alcalde.

Asdo. Manuel Ruiz Rivas.

ANUNCIO

De acordo co disposto no artigo 9.3 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, procédese á publicación das bases reguladoras específicas da convocatoria de achegas dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, liña actividades culturais, correspondentes ao exercicio 2017, aprobadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 02.11.17.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO.**LIÑA ACTIVIDADES CULTURAIS.****BASES ESPECÍFICAS COMPLEMENTARIAS DAS BASES REGULADORAS XERAIS. EXERCICIO 2017.****1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.**

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2017, destinadas a fomentar, apoiar e impulsar a actividade cultural das entidades sen ánimo de lucro existentes no Concello de Riveira, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia competitiva e publicidade.

1.1.- Obxectivos

O Concello de Riveira, a través da presente convocatoria, propónse a consecución dos seguintes obxectivos estratéxicos:

- a) A chegar a cultura ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin.
- b) A existencia dunha vida cultural estable dentro do ámbito territorial do Concello de Riveira, programada e desenvolta polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se desenvolvan, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.
- c) A participación activa dos veciños nunha actividade –a cultura– de claro interese público, como medio de promover a formación dos máis novos, e de propiciar o xurdimento de oportunidade de convivencia entre os veciños.

2.- ENTIDADES BENEFICIARIAS (requisitos)**Destinatarios**

Entidades e asociacións de carácter cultural sen ánimo de lucro radicadas no Concello de Riveira.

3.- FINALIDADE (gastos subvencionables).

Poderán ser subvencionadas –ata un máximo do 50 % do gasto acreditado– a organización das actividades ou proxectos de promoción e difusión cultural e artística.

4.- EXCLUSIÓNS ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA

- As viaxes educativas e actividades extraescolares organizadas polos centros educativos e asociacións de nais e pais.
- As actividades organizadas polas asociacións de maiores e as asociacións de persoas con diversidade funcional destinadas aos seus integrantes.

5.- ORZAMENTO DA CONVOCATORIA.

No vixente orzamento municipal existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto derivado desta convocatoria, con cargo ás seguintes aplicacións, e polo importe que se indica:

Aplicación orzamentaria	Liña de subvención	Crédito
334 48010	Cultura	18.000 €

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

En canto ao lugar e prazo de presentación, así como a documentación a aportar, remítese ao establecido nas bases xerais.

7.- INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

A instrución do procedementos corresponderalle á Concellaría de Cultura. No seo desta constituirase unha comisión avaliadora, composta polos seguintes membros:

- Presidente: O/a concelleiro/a delegado/a da área de Cultura ou persoa en quen delegue.
- Vogais: Dous traballadores/as do departamento de cultura, designados polo/a concelleiro/a delegado/a.

Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, un empregado/a público do Concello.

Aos efectos indicados neste apartado, e antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, pola Alcaldía designarase:

- O traballador municipal que deba asumir a responsabilidade da tramitación de cada expediente.
- A persoa que deba asumir a secretaría de cada Comisión Avaliadora.

Proposta de resolución.

A Comisión Avaliadora procederá ao exame das solicitudes presentadas, formulando proposta de concesión de achega despois da consideración das actividades a realizar, e en función dos criterios establecidos en cada liña de actuación.

- Interese da actividade e adecuación ao interese local: ata 25 puntos
- Número de socios activos da asociación: ata 25 puntos.
- Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 25 puntos
- Orzamento da actividade: ata 20 puntos
- Emprego da lingua galega: ata 5 puntos.

En relación aos criterios de número de socios, coeficiente de financiamento e orzamento declarado os puntos serán asignados de acordo cos seguintes criterios:

Nº de socios activos	Puntos	Coeficiente de financiamento	Puntos	Orzamento declarado	Puntos
0-20	0	0-10	25	Máis de 4.000 €	20
21-50	2.5	11-20	20	Entre 2.500 e 4.000 €	15
51-80	5	21-30	15	Entre 1.500 e 2.499 €	10
81-110	7.5	31-40	10	Entre 600 e 1.499 €	5
111-140	10	41-50	5	Menos de 600 €	0
141-180	12.5				
181-220	15				
221-260	17.5				
261-300	20				
301-350	22.5				
Máis de 350	25				

Riveira, 6 de novembro de 2017.

O Alcalde.

Asdo. Manuel Ruiz Rivas.

ANUNCIO

De acordo co disposto no artigo 9.3 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, procédese á publicación das bases reguladoras específicas da convocatoria de achegas dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, liña actividades deportivas, correspondentes ao exercicio 2017, aprobadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 2.11.17.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. LIÑA ACTIVIDADES DEPORTIVAS.**BASES ESPECÍFICAS COMPLEMENTARIAS DAS BASES REGULADORAS XERAIS. EXERCICIO 2017.****1) OBXECTO.**

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2017, destinadas a promover actividades dos clubs deportivos existentes no Concello de Riveira, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia competitiva e publicidade.

2) FINALIDADE.

Poderá ser subvencionada, ata un máximo do 70 % do gasto efectuado e acreditado, co límite de 12.000,00 €, a organización de actividades deportivas desvoltas por entidades deportivas de carácter afeccionado, así como a participación en competicións deportivas sexan ou non federadas.

As actividades subvencionadas deberán desenvolverse dentro do período 01 de novembro de 2016 ó 31 de outubro de 2017.

Como excepción ás bases xerais, os gastos de manutención e aloxamento poderán incluírse nos presupostos sempre que veñan acompañados de calendario deportivo que os respalde.

Non se subvencionarán investimentos reais.

3) ORZAMENTO.

O Concello de Riveira dispón das seguintes contías orzamentarias para destinar a esta convocatoria:

- Partida.- 341. 48010 Importe 120.000 €.

4) ENTIDADES BENEFICIARIAS (requisitos)

Destinatarios Clubs deportivos que reúnan as seguintes condicións:

- Ter o seu domicilio social, ou sede, no concello de Riveira.
- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Clubs, e cun mínimo dun ano de participación en actividade deportiva federada.
- Contar cun número mínimo de vinte socios.
- Non estar incurso en ningún caso de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e Concello de Riveira.

Así como non ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que se lle concedese unha prórroga

5) LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

En canto o lugar de presentación remítese o establecido nas bases xerais.

Para facilitar a presentación de solicitudes engádense os seguintes modelos específicos.

Anexo V	DECLARACIÓN DE NÚMERO DE LICENCIAS FEDERATIVAS NO ANO 2017 OU TEMPADA FEDERATIVA 2017/2018
Anexo VI	MODELO DE EQUIPOS PARTICIPANTES EN COMPETICIÓN OFICIAL
Anexo VII	MODELO DE DESPRAZAMENTOS A CAMPIONATOS DEPORTIVOS
Anexo VIII	MODELO DE GASTOS PREVISTOS EN LICENZAS/MUTUALIDADES/ARBITRAXES/INSCRICIÓN A CAMPIONATOS

6) INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

A instrución do procedementos corresponderalle á Concellaría de Deportes. No seo desta constituirase unha comisión avaliadora, composta polos seguintes membros:

- Presidente: O/a concelleiro/a delegado/a da área de Deportes, ou persoa en quen delegue.
- Vogais: Dous traballadores/as do departamento de deportes, designados polo/a concelleiro/a delegado/a.

Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, un empregado/a público do Concello.

Aos efectos indicados neste apartado, e antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, pola Alcaldía designarase:

- O traballador municipal que deba asumir a responsabilidade da tramitación de cada expediente.
- A persoa que deba asumir a secretaría de cada Comisión Avaliadora.

Proposta de resolución.

A Comisión Avaliadora procederá ao exame das solicitudes presentadas, formulando proposta de concesión de achega despois das actividades a realizar, en función dos seguintes criterios:

CRITERIO	FORMULA A APLICAR
1) Número de deportistas federados, repártense 20 puntos*	Puntuación= (20 x nº licenzas do club a puntuar)/nº de fichas totais de tódolos clubs solicitantes.
2) Desprazamentos a campionatos e eventos federados en Galicia, repártense 35 puntos	Puntuación= (35 x nº kilómetros realizados ou a realizar polo club a puntuar/totais realizados ou a realizar por tódolos clubs solicitantes.
3) Desprazamentos a campionatos e eventos federados fora da comunidade galega, repártense 5 puntos **	Puntuación= (5 x nº kilómetros realizados ou a realizar polo club a puntuar/kilómetros totais realizados ou a realizar por tódolos clubs solicitantes.
4) Participación en competicións federadas, repártense 40 puntos***	Puntuación= (40 x gastos certificado do club a puntuar/gastos certificados por tódolos clubs solicitantes.

- * A puntuación por cada deportista federado aplicaráselle un índice corrector:

Deportista de base (nados ata o 31 de decembro de 1999) x 1,1

Deportista senior (nados antes do 01 de xaneiro de 1998) x 1

Deportista feminino x 1,1

Deportista masculino x 1

- ** Cando as viaxes se realicen ao estranxeiro (excepto Portugal) computarase 1.200 kilómetros por cada deportista desprazado.

- *** Cando os viaxes se realicen a campionatos non federados aplicaráselle un índice corrector de: x 0,50

- **** Os gastos computables no apartado "participación en competicións federadas" son os correspondentes a mutualidades, arbitaxes, e inscricións a ligas e campionatos. Quedan excluídos os correspondentes as sancións.

A puntuación xeral obtida por cada club despois de sumados os apartados anteriores aplicaráselle o índice corrector de uso de instalacións:

ÍNDICE CORRECTOR POLO USO DE INSTALACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL	
Sen uso	x 1
Uso puntual	x 0,9
Uso medio	x 0,8
Uso intensivo	x 0,55

O Xerente de Actividades deportivas emitirá informe da utilización das instalacións deportivas municipais por parte dos Clubs.

Despois de aplicados os índices correctores, para o reparto definitivo aplicarase a seguinte fórmula:

SUBVENCIÓN A RECIBIR= (Total do crédito consignado / sumatorio das puntuacións obtidas polo total de clubs solicitantes) x puntuación do club a subvencionar.

Si existise sobranse nas cantidades a repartir, motivadas por ter superado algún club o máximo de 12.000 € previsto nas bases, ou por ter unha puntuación que lle dese dereito a recibir máis importe que o solicitado inicialmente, a cantidade sobranse repartirase entre o resto dos clubs de forma proporcional a puntuación obtida no total dos apartados.

7) XUSTIFICACIÓN

Como excepción as bases xerais, os gastos a xustificar deberán ser efectivamente realizados no período subvencionable, a saber, do 1 de novembro de 2016 ao 31 de outubro de 2017.

Riveira, 6 de novembro de 2017.

O Alcalde.

Asdo. Manuel Ruiz Rivas.

EXERCICIO 2017

ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO NÚMERO DE LICENCIAS

Datos do representante

Nome e apelidos: _____ NIF _____

Tfno. _____ Correo electrónico _____

DECLARO, (con coñecemento dos delitos nos que puidese incorrer por falsidade):

Que as licencias do Club _____ na tempada 2016,
ou tempada deportiva 2016/2017, e que participaron en competición federada, foron as seguintes:

CATEGORÍA	MASCULINAS	FEMININAS
DE BASE (nados/as ata o 31-12-1999)		
SENIOR (nados/as antes do 01-01-1998)		
TOTAL		

Riveira, de de 2017

Asdo. O/A representante da entidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS

EXERCICIO 2017.

ANEXO VI

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO NÚMERO DE EQUIPOS EN COMPETIÇÃO

Datos do representante

Nome e apelidos: _____ NIF _____

Tfno. _____ Correo electrónico _____

DECLARO, (con coñecemento dos delitos nos que puidese incorrer por falsidade):

Que os equipos en competición do Club durante a tempada 2016, ou tempada deportiva 2016/2017 foron as seguintes:

CATEGORÍA	DENOMINACIÓN LIGA
TOTAL	

Riveira, _____ de _____ de 2017

Asdo. O/A representante da entidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA PROMOCION DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS

EXERCICIO 2017.

ANEXO VII

MODELO DE DESPRAZAMENTOS A CAMPIONATOS DEPORTIVOS

Datos do representante

Nome e apelidos: _____ NIF _____

Tfno. _____ Correo electrónico _____

DECLARO, (con coñecemento dos delitos nos que puidese incorrer por falsidade):

Que os viaxes realizados, ou a realizar, polo CLUB _____ durante o período 01 de novembro de 2016 ó 31 de outubro de 2017 foron os seguintes:

a) Viaxes en Galicia

Localidade	DENOMINACIÓN COMPETICIÓN	Nº DEPORTISTAS	FEDERADO	
			SI	NON

b) Viaxes a campionatos nacionais ou internacionais:

Localidade	DENOMINACIÓN COMPETICIÓN	Nº DEPORTISTAS	FEDERADO	
			SI	NON

Non se relacionaran os viaxes a competicións con motivo da disputa de ligas deportivas suxeitas a calendario previo. A estes efectos contabilizaranse os datos da tempada 2016/2017

Relacionaranse outros como disputa de fases de ascenso, roldas de copa, competicións amigables ...

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS

EXERCICIO 2017.

ANEXO VIII

MODELO DE RELACIÓN DE GASTOS PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓNS (Mutualidades, arbitrxes e inscrición en campionatos e competicións)

Datos do representante

Nome e apelidos: _____ NIF _____

Tfno. _____ Correo electrónico _____

DECLARO, (con coñecemento dos delitos nos que puidese incorrer por falsidade):

Que os gastos derivados da participación en competicións (Mutualidades, arbitrxes e inscrición en campionatos e competicións) a realizar polo Club _____, no período do 1 de novembro de 2016 ó 31 de outubro de 2017 foron os seguintes:

CONCEPTO:	IMPORTE:
Arbitrxes:	
Mutualidades/licencias:	
Inscricións en ligas e campionatos:	

Asdo. O/A representante

ANUNCIO

De acordo co disposto no artigo 9.3 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, procédese á publicación das bases reguladoras específicas da convocatoria de achegas dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, liña de colexios e asociacións de nais e pais, correspondentes ao exercicio 2017, aprobadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 02.11.17.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. LIÑA COLEXIOS E ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS.**BASES ESPECÍFICAS COMPLEMENTARIAS DAS BASES REGULADORAS XERAIS. EXERCICIO 2017.****1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2017, destinadas a fomentar, apoiar e impulsar a actividades extraescolares desenvolvidas polos colexios existentes no Concello de Riveira, así como das súas ANPAs, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia competitiva e publicidade.

2. ENTIDADES BENEFICIARIAS (requisitos).**Destinatarios**

a) Escolas e centros educativos públicos ou concertados radicados no termo municipal, e nos que se imparta ensino regrado.

b) Asociacións de nais e pais existentes nestes.

3. FINALIDADE (gastos subvencionables).

Poderá ser subvencionada –ata un máximo do 50 % do gasto acreditado– a organización de actividades clasificadas, a efectos desta convocatoria, nas liñas que a continuación se relacionan:

- actividades extraescolares.
- viaxes educativas.

4.- ORZAMENTO DA CONVOCATORIA.

No vixente orzamento municipal existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto derivado desta convocatoria, con cargo ás seguintes aplicacións, e polo importe que se indica:

Aplicación orzamentaria	Liña de subvención	Crédito
323 48010	Educación	6.000 €

5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

En canto ao lugar e prazo de presentación, así como a documentación que se debe achegar, remítese ao establecido nas bases xerais.

6.- INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

A instrución do procedemento corresponderá á Concellaría de Educación. No seo desta constituirase unha comisión avaliadora, composta polos seguintes membros:

- Presidente: O/a concelleiro/a delegado/a da área de Educación, ou persoa en quen delegue.
- Vogais: Dous traballadores/as do departamento de educación, designados polo/a concelleiro/a delegado/a.

Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, un empregado/a público do Concello.

Aos efectos indicados neste apartado, e antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, pola Alcaldía designarase:

- O traballador municipal que deba asumir a responsabilidade da tramitación de cada expediente.
- A persoa que deba asumir a secretaría de cada Comisión Avaliadora.

Proposta de resolución.

A continuación, a Comisión Avaliadora procederá ao exame das solicitudes presentadas, formulando a proposta de concesión de achega despois da consideración das actividades que se van realizar, e en función dos criterios establecidos en cada liña de actuación.

- Interese da actividade e adecuación ao interese local: ata 25 puntos
- Número de socios activos da asociación: ata 20 puntos.
- Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 25 puntos
- Orzamento da actividade: ata 25 puntos
- Emprego da lingua galega: ata 5 puntos.

En relación aos criterios de número de socios, coeficiente de financiamento e orzamento declarado os puntos serán asignados de acordo cos seguintes criterios:

Nº de socios activos	Puntos	Coeficiente de financiamento	Puntos	Orzamento declarado	Puntos
0-20	0	0-10	25	Máis de 3.000 €	25
21-30	5	11-20	20	Entre 2.400 e 2.999 €	20
31-40	10	21-30	15	Entre 1.800 e 2.399 €	15
41-50	15	31-40	10	Entre 1.200 e 1.799 €	10
Máis de 50	20	41-50	5	Entre 600 e 1.199 €	5
				Menos de 600 €	0

Estas bases específicas establecen unha excepción das Bases reguladoras xerais da convocatoria de subvencións para entidades sen ánimo de lucro, artigo 5, Instrución e resolución da convocatoria, apartado Importe das achegas que se conceden, que “Con carácter xeral o importe mínimo da achega concedida por entidade será de 300 € e o máximo non poderá superar os 2.000 €.”

Establécese o importe mínimo da achega concedida por entidade, ANPA ou colexio, en 100 € e non poderá superar os 2.000 €

Estas bases específicas establecen unha excepción das Bases reguladoras xerais da convocatoria de subvencións para entidades sen ánimo de lucro, artigo 6, Xustificación e pagamento, apartado “Pagamento”, parágrafo 3º que “[...] Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados, e ata un importe total máximo que non supere o 10% do gasto xustificado.”

Establécese para a liña de ANPAs e colexios que só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico de gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios indicados nas bases reguladoras xerais, sen ter en conta o % sobre o gasto xustificado.

Riveira, 6 de novembro de 2017.

O alcalde

Asdo. Manuel Ruiz Rivas

2017/9525